Concello de Cangas

"O CONCELLO DE CANGAS ÚNESE Á CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE"

O Concello de Cangas participa da campaña de doazón de sangue, que terá lugar o próximo xoves 13 e venres 14 de outubro, e anima a cidadanía a colaborar.

Cangas, 10/10/2016

Para facilitar a colaboración de toda a veciñanza canguesa, unha unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia (CTG) desprazarase ata o noso Concello, permanecendo o xoves 13 e o venres 14 de outubro na Alameda de J. Félix Soage, en horario de 16:00 a 21:00 horas.

O obxectivo é facilitar a doazón de sangue á veciñanza e garantir deste xeito as necesidades de compoñentes sanguíneos por parte dos centros sanitarios galegos. Dende o CTG recordan que en Galicia precisamos entre 400 e 500 doazóns de sangue diarias.

Pode doar sangue calquera persoa maior de 18 anos, que pese máis de 50 quilos, e que non teña padecido ou padeza enfermidades transmisibles polo sangue (Hepatite B ou C, SIDA, etc.) ou enfermidades graves ou crónicas (de corazón, ril, cancro, diabete insulinodependente de tipo 1, asma grave, etc.).

Basta con achegarse co DNI, tarxeta de doador ou similar, e especificar se está a tomar ou tomou recentemente algún medicamento. Non acudir sen almorzar, esperando despois de xantar polo menos dúas horas. Unha vez alí, un médico realizará unha revisión do estado de saúde e medirá o pulso, a tensión e o nivel de hemoglobina para descartar unha anemia. En tódolos casos, emprégase material estéril e dun só uso, e o volume de sangue doado recupérase case de inmediato.

O Concello agradece a colaboración e solidariedade de toda a veciñanza.

Gabinete de comunicación